



BANDO INFORMATIVO

PROGRAMA DE TURISMO DO IMSERSO TEMPORADA 2023 - 2024

ALEXANDER DOVAL EXPÓSITO, ALCALDE do Concello de Oroso

INFORMA da apertura do prazo de presentación de solicitudes de participación no Programa de Turismo do IMSERSO Temporada 2023-2024

OBXECTO: Viaxes para contribuír ao benestar das Persoas Maiores, co obxecto que poidan gozar de vacacións, nas seguintes modalidades:

- Estancias en zonas costeiras peninsulares e insulares, para descanso e relax.
- Turismo de interior para realizar circuitos culturais, turismo de natureza, viaxes a Capitais de Provincia e Viaxes ás cidades Autónomas de Ceuta e Melilla.

SERVIZOS QUE SE OFRECEN:

- Transporte ida e volta desde a súa capital de provincia ata o hotel de destino e regreso, agás para a modalidade de viaxes sen transporte e viaxes a capitais de provincia.
- Aloxamento en réxime de pensión completa, en habitación dobre a compartir en hoteis seleccionados polo IMSERSO. Contéplase o aloxamento en habitación individual, que terá un suplemento no prezo e estará suxeito a dispoñibilidade de prazas.
- Póliza de seguros colectiva.
- Servizo médico, complementario da Seguridade Social, no propio hotel.
- Programa de animación social e cultural

Nas viaxes Culturais e Turismo de Natureza, dadas as súas especiais características non se inclúen os servizos médicos e programa de animación.

As viaxes a capitais de provincia serán en réxime de media pensión e sen transporte.

REQUISITOS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS:

Poderán participar no Programa de Turismo do IMSERSO as persoas residentes en España que reúnan un dos seguintes requisitos:

- a) Ser pensionista de xubilación do sistema público español de pensións
- b) Ser pensionista de viuvez con 55 ou máis anos de idade
- c) Ser pensionista por outros conceptos, ou perceptor de prestacións ou subsidios de desemprego, con 60 ou máis anos de idade
- d) Ser titular ou beneficiario do sistema da Seguridade Social con 65 ou máis anos de idade
- e) Ser emigrante retornado a España e pensionista do sistema público de Seguridade Social do país do que retornase

Poden participar co seu cónxuxe, parella de feito ou unión estable sen necesidade de que estes reúnan os requisitos de idade ou pensión. Tamén poderán participar os/as fillos/as con discapacidade, cun grao igual ou superior ao 45%, sempre e cando esta discapacidade lles permita viaxar e o fagan cos seus pais compartindo con eles habitación ou, no seu caso, aboen o suplemento establecido para habitacións dobres de uso individual que estará suxeito á dispoñibilidade de prazas. En todo caso, as persoas solicitantes deberán valerse por si mesmas.

PRAZO DE PRESENTACIÓN: dende o 29 de xuño de 2023 ata o 25 de xullo de 2023 -ambos os días inclusive-, permanecerá aberto un único período de presentación de novas solicitudes de participación neste Programa para a tempada 2023-2024, exclusivamente para aquelas persoas que non estean incluídas no Programa. As persoas xa acreditadas recibirán nos seus domicilios as cartas de renovación.

MÁIS INFORMACIÓN: No Departamento de Servizos Sociais do Concello, rúa do Deporte 5-7 baixo, Sigüeiro, Oroso. CITA PREVIA no teléfono 981 688 950. Na páxina web: www.imserso.es/imserso
O Alcalde, Alexander Doval Expósito.
Oroso, 06 de xullo de 2023.

